



x pedes

AXUDAS E SUBVENCIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA O CURSO ACADÉMICO 2004/2005.

A Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do día 11), na exposición que fai sobre prezos públicos no seu capítulo 2º do título II, non recolle a posibilidade de exencións. Tampouco a Resolución Reitoral de 22 de xullo de 1999 de exencións na Universidade de Santiago de Compostela recolle a posibilidade de axudas con cargo ao seu orzamento.

En consonancia, estímase conveniente establecer un sistema de axudas con cargo ao orzamento da Universidade para facilitar o estudo ao persoal que presta os seus servizos nela.

Así mesmo, verbo doutras entidades públicas ou privadas, fíxase a posibilidade de recoñecer aos seus membros as axudas ao estudo en función dos convenios que se asinen. En particular recoñécese para o persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un sistema de axudas condicionada á posterior compensación dos ingresos deixados de percibir pola USC, e ás universidades de A Coruña e Vigo un sistema en virtude do recoñecemento recíproco destas axudas ou sometido ao principio de compensación, de ser o caso.

POR TODO O EXPOSTO RESOLVO:

PRIMEIRO: PERSOAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

1. Titulares e beneficiarios.

1. 1 Son titulares do dereito á percepción das axudas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos o persoal que presta os seus servizos na USC que a seguir se relaciona:

- a) Persoal docente: funcionarios de carreira que pertencen aos corpos docentes universitarios e profesores interinos ou contratados.
- b) Persoal de Administración e Servizos: funcionarios de carreira ou interinos e persoal laboral fixo ou temporal
- c) O persoal que se relaciona nos apartados anteriores que acadara a xubilación no desempeño do seu posto na USC.

Todo o persoal referido nos apartados a e b, deberá atoparse na situación de servizo activo ou servizos especiais. Cando a súa situación sexa a de servizo activo deberá estar prestando servizo na Universidade no prazo establecido para a matrícula.

1. 2 Son beneficiarios das axudas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos, ademais dos titulares:

- a) O cónxuxe, ou persoa con análoga relación, e os fillos de calquera dos titulares.
- b) Os menores de idade "acollidos temporalmente" polo titular de xeito "permanente" ou "preadoptivo".
- c) O cónxuxe e os fillos do titular do dereito que falecese en servizo activo ou en acto de servizo.

En todos os casos os fillos dos titulares, para seren beneficiarios, non poderán ter cumpridos os 28 anos no prazo establecido para a matrícula no caso de estudos de primeiro e segundo ciclo, e os 33 nos estudos de terceiro ciclo. Non serán considerados beneficiarios da axuda no caso de que non exista unha dependencia económica e familiar do titular do dereito.

2. Obxecto das axudas: Matrículas en titulacións oficiais impartidas na USC

2. 1 Os titulares terán dereito á percepción de axudas por matrícula na USC en estudos conducentes á obtención de titulacións oficiais nos tres ciclos do ensino universitario.

2. 2 Os beneficiarios terán dereito, nos mesmos termos que os titulares, á percepción de axudas por matrícula para realizar unha única titulación oficial en todos os seus ciclos.

2. 3 No caso de simultaneidade de estudos a axuda se concederá aos beneficiarios para os estudos nos que o alumno formalizara matrícula por primeira vez .

2. 4 Os beneficiarios estarán excluídos desta axuda no caso de seren licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ter o título de doutor ou estar en condicións legais de obtelos. Tamén serán excluídos os que teñan unha titulación de primeiro ciclo e desexen realizar outra tamén de primeiro ciclo.

2. 5 Manterán a condición de beneficiarios das axudas que regula a presente resolución os alumnos que consonte ás ordes ministeriais de acceso ás titulacións de segundo ciclo realicen estes estudos e procedan dun primeiro ciclo ou dunha titulación de primeiro ciclo.

2. 6 Non serán obxecto das axudas regulamentadas nesta resolución os importes que se reporten dos seguintes actos:

- **Prezos por servizos académicos** de: apertura de expediente, tarxeta de identidade, certificacións, depósitos de títulos, probas de acceso, traslados de expediente ou calquera outro acto que non sexa obrigatorio para acadar o título oficial.
- **O importe do seguro escolar.**

2. 8 Contía das axudas:

a) Para primeiro e segundo ciclo será o importe da formalización da matrícula na USC en materias soltas ou en curso completo.

b) Nos programas de doutoramento, será o importe da formalización da matrícula en 20 créditos no primeiro ano (periodo de docencia) e en 12 créditos no segundo ano (periodo de investigación), sen que se poidan superar os 32 créditos nos estudos de terceiro ciclo.

No caso de que os alumnos cambien de programa de doutoramento, ou se matriculen de máis materias ou cursos, os créditos matriculados que excedan dos 32 deberán ser aboados, agás que o beneficiario sexa o propio titular.

SEGUNDO: PERSOAL DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS DE A CORUÑA E VIGO

1 O réxime establecido nos artigos anteriores será de aplicación ao persoal con destino nas Universidades de A Coruña e Vigo, para as matrículas que formalicen na USC, sempre que reúnan os requisitos establecidos para o persoal da Universidade de Santiago e nos mesmos termos que ten recoñecido este persoal.



2 A aplicación desta resolución ao persoal das Universidades da Coruña e Vigo, estará suxeita ao principio de reciprocidade ou de compensación.

TERCEIRO: PERSOAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

Condicionada á posterior compensación por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria á USC, regúlanse as axudas e subvencións do persoal da dita Consellería do seguinte xeito:

1- Titulares e beneficiarios.

1. 1 Son titulares do dereito á percepción das axudas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos, os funcionarios de carreira de calquera administración pública con destino na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e que se atopen nela na situación de servizo activo ou servizos especiais.

1. 2 Son beneficiarios das axudas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos os fillos de calquera dos titulares sempre e cando non teñan cumpridos os 28 anos no prazo establecido para a matrícula no caso de estudos de primeiro e segundo ciclo, e os 33 nos estudos de terceiro ciclo. Non serán considerados beneficiarios da axuda no caso de que non exista unha dependencia económica e familiar do titular do dereito.

2- Obxecto das axudas .

2. 1 Os titulares e mailos beneficiarios terán dereito á percepción de axudas por matrícula na USC, para realizar unha única titulación oficial en todos os seus ciclos.

2. 2 No caso de simultaneidade de estudos a axuda se concederá para os estudos nos que o alumno formalizara matrícula por primeira vez .

2. 3 Estarán excluídos desta axuda no caso de seren licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ter o título de doutor ou estar en condicións legais de obtelos. Tamén serán excluídos os que teñan unha titulación de primeiro ciclo e desexen realizar outra tamén de primeiro ciclo.

2. 4 Manterán a condición de beneficiarios das axudas que regula a presente resolución os alumnos que consonte ás ordes ministeriais de acceso ás titulacións de segundo ciclo realicen estes estudos e procedan dun primeiro ciclo ou dunha titulación de primeiro ciclo.

2. 5 No suposto de estudos universitarios cursados total ou parcialmente como beneficiario da subvención, non poderá obterse a axuda no caso de cambio de estudos mentras este entrañe perda dun ou máis cursos matriculados no proceso educativo.

2. 6 Non serán obxecto das axudas regulamentadas nesta resolución os importes que se reporten dos seguintes actos:

- **Prezos por servizos académicos** de: apertura de expediente, tarxeta de identidade, certificacións, depósitos de títulos, probas de acceso, traslados de expediente ou calquera outro acto que non sexa obrigatorio para acadalo título oficial.
- **O importe do seguro escolar.**

2. 7 Contía da axuda:

a) Para primeiro e segundo ciclo será o importe da formalización da primeira matrícula en materias soltas ou en curso completo.

b) Nos programas de doutoramento, será o importe da formalización da primeira matrícula en 20 créditos no primeiro ano (periodo de docencia) e de 12 créditos no segundo ano (periodo de investigación), sen que se poidan superar os 32 créditos nos estudos de terceiro ciclo.

No caso de que os alumnos cambien de programa de doutoramento, ou se matriculen de máis materias ou cursos, os créditos matriculados que excedan dos 32 deberán ser aboados.

Para estes efectos entenderase primeira matrícula a formalización de matrícula nunha materia por primeira vez, non considerándose como tal se o alumno formalizou matrícula en cursos anteriores ou noutra universidade ou centro de estudos, xa tivera ou non dereito á subvención. As validacións non terán a consideración de primeira matrícula e polo tanto deberán ser aboadas.

CUARTO: PERSOAL DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

O persoal doutras administracións non referenciadas expresamente nesta resolución poderá ser beneficiario das axudas por matrícula, consonte o que establezan os convenios ou acordos que sometidos a reciprocidade ou compensación polos ingresos deixados de percibir, poida asinar a USC con esas administracións.

QUINTO: LIMITACIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

1 Un mesmo beneficiario non poderá figurar con máis de un titular. No caso de que presente máis dunha solicitude o titular deberá ser sempre o mesmo.

2 Non será obxecto das axudas reguladas mediante esta resolución o importe dos prezos por servizos académicos das universidades privadas.

3 Estas axudas son incompatibles con calquera outra, de carácter público ou privado, destinada ao mesmo fin. Terá carácter prioritario a aplicación de calquera outra axuda, deducción, subvención ou exención para o pagamento de prezos públicos por servizos académicos á que o alumno tivera dereito, sendo obrigatorio poñelo en coñecemento da universidade.

SEXTO: REVOGACIÓN DA CONCESIÓN.

A concesión desta axuda poderá ser revogada no caso de ser concedida a alumnos que non reúnan algún ou algúns dos requisitos establecidos. Neste caso o alumno deberá aboar o importe da matrícula, se aínda non o fixo, nos dez días seguintes á recepción da resolución de revogación, do contrario iniciárase expediente de anulación da matrícula na Titulación obxecto da axuda revogada.

DISPOSICIÓN FINAIS:

PRIMEIRA: O procedemento establécese no Anexo I.

SEGUNDA: O impreso de solicitude é o que figura como Anexo II

TERCEIRA: Queda sen efecto, para o curso académico 2004-2005, a Resolución de 14 de xullo de 2003 (registro de saída do 23 de xullo), reguladora de axudas e subvencións de prezos públicos para o curso académico 2003-2004.

CUARTA: A instrucción do 3 de maio de 1999 para a interpretación do apartado cuarto da resolución rectoral do 9 de xullo de 1998 entenderase en idénticos términos respecto do apartado terceiro desta resolución.

SEXTA: A presente resolución entrará en vigor ao día seguinte da data de registro de saída.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 10.1 a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, e de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán, previamente, interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, tamén a contar desde o día seguinte á súa publicación, perante este órgano.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2004

O REITOR
(P.D. A VICERREITORA DE ESTUDANTES E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS)
(R.R. do 5 de maio de 2004)



M^a Elena Vázquez Cendón

Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Sres. Vicerreitores de Calidade e Planificación Estratéxica, de Economía e Financiamento, de Organización Académica, de Terceiro Ciclo e Extensión Docente, de Investigación e Innovación, de Coordinación do Campus de Lugo.

Sras. Vicerreitoras de Estudantes e Relacións Institucionais e de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade Universitaria.

Sr. Secretario Xeral

Sres. Directores e Decanos de Centros

Sr. Xerente en funcións e Vixexerente do Campus de Lugo

Sres. Xefes dos Servizos de Xestión Académica, Control Interno, Contabilidade, Orzamentos e Tesourería, Planificación e Programación de PAS, Xestión Económica, Información, Xestión de Persoal, Planificación e Programación Docentes e de Persoal Docente e Investigador.

Sres. Xefes das Unidades de Xestión Académica

ANEXO I

PRIMEIRO: a solicitude de axudas iniciárase :

Se a matrícula se realiza en titulacións oficiais de primeiro e segundo ciclo impartidas na USC, sinalándoo o alumno no impreso XA-1, no apartado de PAGAMENTO E SUBVENCIÓN DE PREZOS DE MATRÍCULA. Se se realiza en estudos de terceiro ciclo, os alumnos o sinalarán no seu impreso de matrícula.

SEGUNDO: presentación da xustificación de cumprir os requisitos.

2. 1 A Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado remitirá aos alumnos que se matriculen na USC como destinatarios desta axuda, o impreso de solicitude que terá que ser debidamente cuberto e acompañado da documentación que figura no apartado terceiro da presente resolución, e que se lles indicará no oficio de remisión.

2. 2 A dita Sección revisará que se presenten as solicitudes de axuda e que se acompañen dos documentos preceptivos para, no caso contrario, requirir ao interesado que subsane a falta, con indicación de que de non facelo terase por desistido do seu pedimento, arquivándose previa resolución expresa.

2. 3 A comunicación de arquivo da solicitude farase de acordo co procedemento de notificación que se estableza na Universidade.

TERCEIRO: documentación.

3. 1 Se o titular é persoal das universidades galegas ou do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas:

- a) Formulario de solicitude de axuda debidamente cumprimentado.
- b) No caso de pedir por primeira vez para un beneficiario determinado esta subvención:
 - Copia do DNI do titular e dos beneficiarios, e copia do libro de familia na que estean inscritos. Se o beneficiario é parella de feito xustificante de convivencia.
 - Copia da tarxeta das probas de aptitude (selectividade) ou xustificante do último curso de ensinanza secundaria.
- c) No caso de pertencer o beneficiario a familia numerosa da categoría xeral de dous ou tres fillos, deberá achegarse copia do libro de familia xunto coa copia do título no cal deberá constar a data de caducidade do mesmo.
- d) Certificado da administración de persoal na que está destinado, con indicación da súa vinculación (funcionario de carreira, interino, contratado, etc..). Está exento deste trámite o persoal con destino na USC.
- e) Datos bancarios nos que figure o titular do dereito xunto co código de conta do cliente. Só no caso de ter realizado o pagamento da matrícula antes de solicitar a axuda ou ser alumnos de centros adscritos desta Universidade.
- f) Xustificante de matrícula e do pagamento de matrícula no caso de ser alumnos de centros adscritos desta universidade. O alumno presentará orixinal e copia do xustificante para que sexa cotexado polo funcionario que recolla a solicitude. No caso de facer o pagamento fraccionado, deberá presentar xustificante de pagamento de todo os prazos.

3. 2 Se o titular é persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

- a) Formulario de solicitude de axuda debidamente cumprimentado.

- b) No caso de pedir por primeira vez para un beneficiario determinado esta subvención:
- Copia do DNI do titular e dos beneficiarios e copia do libro de familia na que estean inscritos.
 - Copia da tarxeta das probas de aptitude (selectividade) ou xustificante do último curso de ensinanza secundaria.
- c) No caso de pertencer o beneficiario a familia numerosa da categoría xeral de dous ou tres fillos, deberá achegarse copia do libro de familia xunto coa copia do título no cal deberá constar a data de caducidade do mesmo.
- d) Certificado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria onde se deberá especificar se é funcionario de carreira e se atopa en servizo activo ou en servizos especiais nesa Consellería.
- e) Datos bancarios nos que figure o titular do dereito xunto co código de conta do cliente. Só no caso de ter realizado o pagamento da matrícula antes de solicitar a axuda .

CUARTO: efectos da solicitude na matrícula na USC.

4. 1 A matrícula do alumno realizada como destinatario desta axuda producirá a suspensión do pagamento do importe da axuda que poida corresponder aos beneficiarios en titulacións oficiais impartidas na USC, agás o estipulado nos puntos 4.2 e 4.3 do presente anexo.

4. 2 Se o titular é persoal das Universidades Galegas, agás que os estudos sexan realizados polo propio titular, o alumno deberá aboar os prezos públicos por servizos académicos no momento de formalizar a matrícula cando:

- a) O alumno de primeiro ou segundo ciclo sexa titulado ou estea en condicións de obter o título.
- b) O alumno de terceiro ciclo teña cursados máis de 32 créditos.
- c) O alumno de terceiro ciclo houbera matriculado en anos académicos anteriores 20 créditos no primeiro ano (período de docencia) ou 12 no segundo (período de investigación) e desexe volver a matricular eses períodos.

4. 3 Se o titular é persoal Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o alumno deberá aboar os prezos públicos por servizos académicos no momento de formalizar a matrícula cando:

- a) O alumno de primeiro ou segundo ciclo sexa titulado ou estea en condicións de obter o título.
- b) O alumno de terceiro ciclo teña cursados máis de 32 créditos.
- c) O alumno de terceiro ciclo houbera matriculado en anos académicos anteriores 20 créditos no primeiro ano (período de docencia) ou 12 no segundo (período de investigación) e desexe volver a matricular eses períodos.
- d) O alumno formalice matrícula nunha materia por segunda vez en primeiro, segundo ou terceiro ciclo.

QUINTO: resolución.

5. 1 Corresponde á Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado a revisión do cumprimento dos requisitos para a obtención da axuda e a elevación de propostas á Vicerreitora de Estudantes e Relacións Institucionais para a súa concesión ou denegación así como a notificación ao interesado da resolución adoptada.

5. 2 A comunicación de denegación farase de acordo co procedemento de notificación que se estableza na Universidade e a resolución indicará a causa ou causas que motivaron a resolución e as reclamacións ou recursos que contra a mesma caben e o prazo para facelos.

SEXTO: efectos da resolución.

6. 1 Matrículas en titulacións oficiais impartidas na USC.

a) Resolución de concesión: os beneficiarios matriculados no curso 2004/2005 non aboarán os prezos públicos polo importe da subvención concedida. Se tivesen feito o pagamento deste importe, a Unidade de Xestión Académica (UXA) correspondente ou a Sección de Terceiro Ciclo procederá de oficio á súa devolución.

b) Resolución de denegación: os alumnos afectados deberán aboar á Universidade os prezos públicos polos servizos académicos que no seu caso lles correspondan, e que deberán figurar na liquidación de matrícula que será enviada pola UXA correspondente ou a Sección de Terceiro Ciclo.

6. 2 Matrículas en centros adscritos desta Universidade.

a) Resolución de concesión: a Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado remitirá mensualmente ao Servizo de Control interno a relación das solicitudes e documentación necesaria para que se faga o pagamento da axuda concedida. No caso de que o alumno faga o pagamento fraccionado dos prezos públicos por servizos académicos non procederá o aboamento da axuda ata que xustifique o pagamento de todos os prazos.

b) Resolución de denegación: os alumnos afectados, deberán reintegrar á Universidade os prezos públicos polos servizos académicos que no seu caso lles correspondan, e que deberán figurar na liquidación de matrícula que será enviada pola UXA correspondente.

SÉTIMO: prazo de resolución.

Será de seis meses desde a finalización do prazo de matrícula. No caso de que a resolución non se teña producido a axuda considerase denegada.

OITAVO: control dos prezos públicos.

8. 1 A Sección de bolsas enviará á UXA correspondente ou á Sección de Terceiro Ciclo copia da resolución de concesión, denegación e declaración de arquivo para que conste no expediente do alumno.

8. 2 Finalizado o proceso de resolución enviarase un resumo global por unidades administrativas, UXAS ou Sección de Terceiro Ciclo, onde figure a situación de cada beneficiario.

8. 3 No caso de denegación ou declaración de arquivo a UXA correspondente ou a Sección de Terceiro Ciclo reclamará ao alumno o pagamento da matrícula. De non o facer procederase á anulación da matrícula e de todos os actos administrativos producidos con posterioridade á solicitude da axuda e relacionados coa mesma, de acordo co procedemento de xestión de impagos da USC.

NOVENO: compensación das axudas, subvencións e exencións.

9. 1 Unha vez coñecido o importe total das axudas concedidas ao persoal das Universidades de A Coruña e Vigo, procederase a realizar as compensacións que procedan con estas Universidades.

9. 2 No caso da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria esta procederá a compensar á Universidade polo importe total das axudas concedidas ao seu persoal, para iso a Universidade realizará unha memoria xustificativa da concesión das axudas.

9. 3 Os expedientes para a compensación dos prezos públicos que a Universidade deba presentar nas correspondentes administracións públicas e que establece a Resolución do 19 de xullo de 2002 realizaranse pola Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado seguindo as instrucións que ao respecto dicten os Servizos de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería e o Servizo de Control Interno.



Espacio reservado para o selo do
Rexistro de Entrada

Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado
Sección de Bolsas, telf.: 981528066
Pavillón Estudiantil • Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela

Ref: (preimpreso)

ANEXO II

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DE PREZOS PÚBLICOS PARA O CURSO 2004/2005

Datos do TITULAR do dereito a subvención de prezos públicos

Apelidos e Nome: NIF:

Domicilio a efectos de notificación:

Enderezo:

Concello Provincia: CP

..... Teléfono/s: FAX:

Enderezo Electronico:

Administración na que presta servizos (sinalar cun "x")

- Universidade de Santiago de Compostela
 Universidade de Vigo ou A Coruña

- Consellaría de Educación e Ord. Univers.
 Instituto de Investigación Agrobiolóxicas de Galicia

Datos Bancarios (só no caso de proceder devolución):

Nº Conta: - - -

Entidade: Axencia:

Concello: Provincia:

Datos do alumno/a beneficiario/a da subvención

Apelidos e Nome: (preimpreso)

NIF: (preimpreso)

Titulación: (preimpreso)

Parentesco co titular (sinalar cun "x"): Fillo Cónxuxe O propio titular

Importe da Subvención: (preimpreso)

Posúe outro título universitario? (sinalar cun "x")

- SI → Indicarase a titulación
- NON

Estivo ou está matriculado noutros estudos universitarios? (sinalar cun "x")

- SI → Indicarase a titulación
- NON

..... a de de 2004

O/A TITULAR,

Asdo:.....